Comisión da Transparencia de Galicia

Visto o expediente 195/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública
Expediente: 195/2026
Interesado: - - -– - -- - – - -- - - -–- - - -
Organismo: Concello de Cambre

ANTECEDENTES

Único. O - -- -- - - - - - - -–- - - - – - - - - - -–- - - - interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación na que denuncia que, tras consultar o Portal da Transparencia do Concello de Cambre, constatou o incumprimento polo Concello das súas obrigas de publicidade activa, pois non figura publicada a actualización das retribucións anuais percibidas polos cargos electos e polo persoal eventual.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Comisión da Transparencia de Galicia

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Segundo. Análise do expediente

Segundo o previsto no artigo 33.3 da LTGB, a Comisión de Transparencia de Galicia é o órgano independente ao que lle corresponde a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública ás que se refire o artigo 28 da lei.

Tal e como se desprende da reclamación presentada pola señora - - – - -- - - -–- - - - , a interesada non pretende recorrer unha resolución en materia de acceso á información pública, senón denunciar o incumprimento por parte do Concello de Cambre das súas obrigas en materia de publicidade activa.

Isto é, o que pretende a interesada non é acceder a información pública dunha Administración á que anteriormente dirixiu unha solicitude de acceso, senón que o que pretende é que esta Comisión inste do Concello de Cambre o correcto cumprimento das obrigas que a LTAIP e a LTBG prevén en materia de publicidade activa. Estas obrigas, cómpre sinalar, aínda que gardan relación co dereito de acceso á información, non poden ser confundidas con este.

Comisión da Transparencia de Galicia

Deste xeito, a reclamación presentada non versa sobre a materia do dereito de acceso á información pública, tal e como exixe artigo 24 LTAIBG e, en consecuencia, ha de ser inadmitida.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Único. Inadmitir a reclamación presentada o 9.4.2026 por - - -– - -- - – - -- - - --- - - - , por mor da falta de competencia da Comisión para instar o cumprimento, por parte do Concello de Cambre, das obrigas de publicidade activa previstas na LTAIP e LTBG.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - -– - - -- - -- - - - - - -- – , na data da sinatura.

- - - -- - -- - - - -- - - --

Presidente da Comisión da Transparencia.